Unidade 10
Do colonialismo á globalización

1. Unha revisión do concepto de cultura
2. Colonialismo
3. Desenvolvemento e subdesenvolvemento
    a) Diferentes categorizacións para dividir ó mundo.
    b) Explicacións do desenvolvemento e do subdesenvolvemento
4. Globalización
    a) Achegamento ó termo
    b) A política económica da Globalización
5. Retos da antropoloxía e outras ciencias sociais na sociedade global

1. Unha revisión do concepto de cultura

Moitas das recentes investigacións antropolóxicas (influidas quizais polos cambios culturais que se están a dar nesta época en todos os lugares do planeta baixo as condicións que impón a chamada globalización) poñen en cuestión certo prexuizo teórico agochado no concepto clásico de cultura.

Houbo sempre por parte dos e das antropólogas un recoñecemento de que as comunidades nas sociedades modernas configuraran as súas peculiaridades culturais en procesos históricos nos que formaban parte de totalidades máis amplas. Sen embargo, polo menos ata época dos anos sesenta se pensaba que as sociedades e culturas primitivas se configuraran de costas á historia e á historia do resto das comunidades. A pesar de que a noción de historia (como acumulación xeracional de saberes e solucións) é indisociable do concepto de cultura (como estudamos nas primeiras unidades deste curso) a antropoloxía parecía traballar (contra o que ela mesma postulaba) entendendo as culturas como se fosen distintivas, separadas, delimitadas e illadas. Esto é: unha poboación, unha sociedade, unha cultura.

Pero só renegando do interese pola pola historia se pode manter a noción de primitivo e en xeral de cultura como estático e illado. Nin os indios norteamericanos, nin os africanos crearon materiais culturais distintivos por si mesmos, senón que o

fixeron presionados polas circunstancias, polas restriccións das novas demandas e mercados e polas consecuencias das novas configuracións políticas que nun momento dado lles afectaron. Na historia da antropoloxía téñense usado as culturas primitivas para construir tipoloxías de sistemas políticos africanos ou para recopilalas en estadios independientes dunha secuencia evolutiva como se fosen estáticas e independientes dos procesos históricos.

Nesta revisión proponse, en definitiva que todas as culturas e elementos cuturais poden entenderse mellor nun marco que as explique como causas e efectos e trate as diferentes comunidades en tanto que axentes ou victimas de determinados procesos, por exemplo, de expansión política ou económica, noutrora vencellados á presenza dos colonizadores e hoxe á expansión da política económica neoliberal que explica a globalización.

É un reto actual da antropoloxía desfacerse desa vella idea das cultura como compartimento estanco e integrar nas análises das comunidades estudadas aqueles factores e dimensións que lles afectan no marco das relacións que se establecen entre comunidades. E esas relacións forman parte, actualmente, do marco marco xeral que se denomina globalización. Aínda que este concepto refírese inicialmente á economía ou á política económica, está a ser obxecto de debate e atención na antropoloxía, e en xeral nas ciencias sociais, precisamente por configurar un marco o que se dan as relacións entre grupos e culturas e se producen cambios sociais e culturais.

Dada a súa importancia para o presente e futuro da disciplina abordamos neste tema algunhas cuestións que clarifiquen o seu significado e consecuencias, non sen antes abordar outros conceptos que igualmente remiten a outras relacións históricas entre comunidades e culturas (colonialismo, por exemplo) ou que remiten á maneira de categorizar (desde o plano económico) as diferentes comunidades do mundo (por exemplo comunidades desenvolvidas, subdesenvolvidas, ou primeiro e terceiro mundo).

2. Colonialismo

O noción de colonialismo fai referencia á expansión dun imperio. Unha colonia é unha comunidade que nun territorio está baixo a hexemonía política dun gobernante extanxeiro. Os antigos imperios e as antigas cidades-estado tiñan colonias, máis cando falamos de colonialismo referímonos con maior frecuencia ó exercicio de expansión dos imperios europeos modernos.

A partir do século XV os europeos expandíronse polo mundo establecendo con outras culturas relacións definidas pola desigualdade e o dominio. Os terrritorios

conquistados eran para os imperios europeos fontes de ingresos, primero lugares nos que adquirir metais preciosos e materias primas e maís adiante, como para o imperio británico e holandes territorios nos que tamén ampliar os seus mercados. Os habitantes daqueles lugares, empezando polos que vivian no chamado "novo mundo" foron categorizados como humanos "salvaxes" en oposición ós europeos que se autodefinian como "civilizados". Estes, que entendían que no reino natural os humanos ocupan a cima da creación, rapidamente concluiron que tamén entre os humanos se daba unha gradación. Así, eles, os "civilizados", eran humanos superiores e os "salvaxes" atopados eran humanos inferiores. Xunto con esta clasificación entenderón que estes últimos se atopaban máis cerca da "natureza", cunha inocencia e bondade que a civilización fixera desaparecer no home europeo. Nace, con esta categorización o "mito do bo salvaxe", mais esa inocencia e bondade atribuida ós "incivilizados" os categorizou dentro dun estado infantil que lles negaba a capacidade de raciocinio maduro e adulto. Este tipo de categorizacións negaballe como consecuencia toda capacidade de decidir por si mesmos o bo e o malo, o seu destino e o seu autogoberno.

A maioria das sociedades mundiales sufriron o colonialismo entre o ano 1500 e o 1960. Durante este período e ata que ós territorios colonizados lograron a súa independencia, moitas culturas e poboacións autóctonas se extinguiron, outras poboacións adaptarónse con gran sufrimento e desorientación personal ás novas esixencias despois de padecer un sin fin de avatares nos que se incluiron a escravitude, as matanzas, novas evanxelizacións, e, en resumo, todas as consecuencias das decisión tomadas polas forzas imperiais. Estas decisións, obviamente, partían das necesidades e criterios dos colonizadores. As poboacións colonizadas perderon a capacidade de decidir as súas propias vidas e viron como as súas pautas de comportamento, crenzas e modos de vida se ían convertindo en inservibles para afrontar os acelerados cambios que sufrian no seu propio territorio. Por exemplo, algunhas forzas imperiais esixiron ós habitantes das colonias o pago de impostos en diñeiro, o que provocou que xentes que ata ese momento só traballaran para subsistir ou para un pequeno comercio local tivesen que recurrir ó traballo asalariado na nova vida da colonia e poder afrontar así o pago deses impostos.

Aínda que o colonialismo, tal e como se deu entre os séculos XV e XX foi desaparecendo, ó tempo que as colonias foron conquistando a súa independencia ou os imperios perdendo a súa hexemonía, as súas consecuencias son innegables e

por suposto perdurables. A vida e riqueza dos colonizadores non pode entenderse sen ese período da súa historia. Tampouco a pobreza, a mestizaxe cultural e as diferencias de clase nos territorios colonizados pode explicarse sen contemplar esa etapa de dominación sobre a poboación autóctona e de explotación dos seus territorios,

3. Desenvolvemento e subdesenvolvemento

a) Diferentes categorizacións para dividir ó mundo.

O concepto de "desenvolvemento" e "subdesenvolvemento" foi lanzado intenacionalmente polo presidente norteamericano Truman no ano 1949. Medindo a riqueza dos paises desde os parámetros norteamericanos estes conceptos serviron para categorizar a áreas de poboación que sumaban 2000 millóns de persoas en "subdesenvolvidas" e para conceptualizar como destino desexable para todas as rexións do planeta o modelo económico americano.

Pouco despois, en plena guerra fría, acuñaronse os termos 'Primeiro Mundo' (Occidente capitalista), 'Segundo Mundo' (países socialistas) e 'Terceiro Mundo' (o resto). Aínda que nun primeiro momento esta categorización era tamén política co tempo adquiriu unicamente un sentido económico. A noción Terceiro Mundo designaba as áreas sundesenvolvidas, pobres, do planeta. Incluía máis de cen estados e tres cuartas partes da poboación mundial. Os principais compoñentes do terceiro mundo eran, por suposto, as antiguas colonias das potencias europeas: Latinoaméria, África, as illas do Pacífico e Asia (excepto Xapón e Israel).

En 1977, co respaldo do Banco Mundial e das Nacións Unidas, creouse a *Comisión Brandt* para abordar os temas do desenvolvemento internacional e en 1980 esta comisión popularizou os conceptos 'Norte' e 'Sul' para referirse á distribución xeográfica e asimétrica da riqueza mundial. Máis recentemente a linguaxe politicamente correcta do "norte" ten substituido o concepto "subdesenvolvemento" e "terceiro mundo" polo sintagma "paises en vías de desenvolvemento". Esta noción presenta o enriquecimento dos diferentes territorios como "un camiño", unha "vía" na que simplemente uns paises levan a dianteira e outros se quedaron algo rezagados e ós que é posible axudar na súa andaina. Oculta, esta noción, que a riqueza dos paises ricos só se fixo posible a costa de beneficiarse da riqueza dos agora paises pobres,

primeiro no tempo do colonialismo e logo coa expansión do mercado capitalista. Esta noción quita a responsabilidade desta situación de desigual reparto de riqueza os paises ricos poñendoa nos propios paises subdesenvolvidos, que nesa marcha natural cara a riqueza e o desenvolvemento quedaron atrás. Pero esta noción, non só trasladando a responsabilidade ás víctimas da expansión capitalista occidental senón tamén obviando as veradeiras causas da desigual distribución da riqueza, constrúe unha falsa esperanza de solución. Por estes motivos desde diversas disciplinas (historia, antropoloxía, economía, etc…) e algunhas ONGs se está acuñando o termo "paises en vías de empobrecemento" chamando a atención sobre as verdadeiras causas desta situación e para alertar que estes paises son cada vez máis pobres e non están polo tanto en ningunha vía de desenvolvemento senón que continúan servindo (sen outra opción) ó enriquecimento dos paises ricos.

Por exemplo cando as prácticas agrícolas occidentais se impuseron no "terceiro mundo" a producción se incrementou considerablemente pero moitos campesiños tiveron que abandoar os seus pequenos trozos de terra porque carecían de capital para invertir en abonos ou sistemas de irrigación. Moitos destes campos (en México, Pakistán, Filipinas) foron comprados por empresas agrícolas occidentais e os campesiños foron contratados como man de obra barata por esas empresas ou se instalaron nas cidades onde tamén fracasaron por carecer da cualificación requerida para o mercado de traballo ou por estar este miserablemente mal pagado.

Ó tempo que o mercado capitalista e as empresas occidentais se impoñian no terceiro mundo a producción agrícola para a subsistencia dos seus habitantes desaparecía aumentando, sen embargo, a producción agrícola destinada ó mercado. En 1978 a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura) anunciaba que no terceiro mundo 450 millóns de persoas estaban desnutridas e sen embargo nos territorios que ocupaban a producción aumentara con respecto os anos sesenta un 27%. É dicir no terceiro mundo a productividade agrícola para o mercado capitalista medrará en beneficio do primeiro mundo (por exemplo cereais e pienso para o gando estadounidense) paralelamente ó incremento da desnutrición das persoas deses lugares.

b) Explicacións do desenvolvemento e subdesenvolvemento

O concepto desenvolvemento acuñado polo primeiro mundo equipara esta noción co PNB (producto nacional bruto). Esta perspectiva, que identifica desenvolvemento con formación do capital, asóciase á teoría dúal que. J. H. Boeke expuso en *Economics and Economic Policy of Dual Societies* (1953). Nesta obra se usa na análise da economía de Indonesia a noción de dualismo para referirse a dous sectores diferenciados: un progresivo e moderno, e outro tradicional, pechado e caracterizado pola súa inferioridad en termos de acumulación de capital, ingresos, producción e consumo. Esta teoría asume que o problema da transformación socioeconómica deriva dunha integración incompleta da economía local na economía capitalista, exóxena. Polo tanto, o éxito do desenvolvemento pasa por que o sector tradicional se integre na economía de mercado. Baixo esta lóxica, os problemas de desenvolvemento achácanselle a factores endóxenos (valores, actitudes ou expectativas) e, polo tanto, un proceso de desenvolvemento exitoso pasa por inxectar nas culturas das zonas do terceiro mundo os principios inherentes á ética capitalista: cálculo, racionalidade, ascetismo e…democracia.

Na década dos 70, púxose de manifesto sen embargo, que o crecimento do PNB no implicaba unha reducción da pobreza, polo que era pertinente ampliar os programas de desenvolvemento ós aspectos "sociais". Os programas de desenvolvemento fragmentáronse así en "problemas" tales como medio ambiente, mulleres, fame, emprego… promovéndose desde algúns sectores o concepto de desenvolvemento endóxeno.

Nos noventa falamos de "desenvolvemento sostible" tanto para o antes primeiro mundo como para o terceiro. Esta nova noción denuncia que o xeito de vida occidental é insostible desde o punto de vista ambiental. Todas estas correccións non parecen sen embargo ir á causa das desigualdades. Constitúen matices dun "discurso" que mantén o dominio dunha parte do mundo sobre a outra, agora non xa coas clásicas relacións coloniais senón coa expansión dun tipo de mercado e o eu correlato "explicativo" desde a "ciencia económica".

Fronte a ese "discurso" que xustifica o actual estado de cousas e simula correxilo con programas e "axudas ó desenvolvemento" (mentras incrementa e promove o empobrecemento), investigadores como Paul Baran, André Gunder Frank, Immanuel Wallerstein, T. Dos Santos ou Fernando Enrique Cardoso, entre outros elaboraron a chamada teoría da dependencia.

A proposta de Paul Baran (1957) insiste na idea de que o desemvolvemento capitalista xenera subdesenvolvemento, estructurando unhas relacións entre países que facilitan o traslado de valor cara a metrópoli. Crease, así, unha dependencia dos países "subdesenvolvidos" dos interesese e prioridades dos desenvolvidos, de xeito que as súas economías oriéntanse frecuentemente ó monocultivo e á producción de materias primas demandadas polo centro. Ó tempo, existe unha alianza de facto entre o capital extranxeiro e as clases mercantís e terratenientes destes países, que aumentan a súa riqueza nun contexto de crecente desigualdade.

As investigacións que continúan esta liña crítica, así como o feito obxectivo de que a pobreza non deixe de aumentar incrementando a distancia entre os paises máis ricos e os máis pobres pon en crise o propio concepto de "desenvolvemento" así como o seu oposto.

En resumo, o concepto de "desenvolvemento" se xenerou formando parte dunha política neocolonialista que se leva a cabo a partir da Segunda Guerra Mundial e postula que a desigualdade se explica pola ineficiencia das estructuras económicas dos países pobres. Pola súa banda, a teoría da dependencia, nas súas diferentes versións, fai depender a desigualdade das relacións entre países ricos e pobres (centro-periferia).

4. Globalización

a) Achegamento ó termo

O termo "globalización" ocupa un lugar central nas ciencias sociais contemporáneas e constitúe tamén un dos temas máis controvertidos. O término non nace, sen embargo, na investigación teórica ou empírica da nova realidade que viven as diferentes comunidades do planeta, aínda que se use para explicala. Foi proposto por Theodore Levitt en 1983 para designar "unha converxencia dos mercados do mundo." En todas partes parece venderes a mesma cousa e do mesmo xeito.

A globalización ten que ver coa idea de que todos vivimos agora no mesmo mundo. A súa acción consiste principalmente en lograr unha penetración mundial do capital (financieiro, comercial e industrial), implica novas relacións políticas internacionais e vai parello á existencia e protagonismo da empresa transnacional.
De feito, en 1990, Kenichi Ohmae indicou estábamos fronte un proceso que desembocaría nunha forma de xestión integrada a escala mundial da gran empresa

multinacional e foi con esta tese cando comeza a xeralizarse el uso do termo globalización.

Hoxe parecemos entender que a globalización supón certa desaparición das fronteras xeográficas, materiales e espaciales na medida que as redes de comunicación, desde Internet ó teléfonos móbiles, poñen en relación e interdependencia a todos os países e a todas as economías do mundo, creando o que se deu en chamar a "ALDEA GLOBAL ".

Certo é que co avance das telecomunicacións, na nova economía electrónica global, xestores de fondos, bancos e empresas, así como investidores individuais poden transferir cantidades enormes de capital dunha parte do mundo a outra con so apretar un botón do rato do computador. Pero as consecuencias destes "avances" fan que o valor do diñeiro que podemos ter no peto ou no banco cambie por momentos segundo as fluctuacións dos mercados, fai ampliar as desigualdades mundiais, empeora as expectativas dos marxinados, e prolonga esa tendencia na que cada vez os pobres son máis pobres e os ricos son máis ricos. En definitiva que os beneficios do crecemiento económico non se distribúen equitativamente; as rentas das clases medias e obreiras se estancan ou descenden e os ingresos de empresarios, directivos e investidores dispárnase non polo froito do seu traballo senón polas opcións sobre accións ou ganancias na bolsa .

Así o 20% máis rico da poboación mundial ganaba 30 veces máis que o 20% máis pobre en 1960. En 1990 a proporción era de 60 a 1, e en 1997 a diferenza era de 74 a 1. Tamén hoxe máis de 80 países teñen unha renta per cápita inferior á de fai unha década, e curiosamente moitos deses países son os máis integrados no comercio global en termos de PIB.

A partir dos anos sesenta prodúcese un cambio estructural no el sistema económico mundial que pode resumirse do seguinte xeito:

- ✓ Iníciase a desindustrialización das rexións industriais tradicionalmente líderes.
- ✓ Iníciase a industrialización de novas zonas (sudeste asiático).
- ✓ Comeza a integración dos diferentes mercados financieiros a escala mundial.
- ✓ Iníciase a dispersión mundial do sector industrial.
- ✓ Comeza un espectacular avance no desenvolvemento da informática e das telecomunicaciones que permite o establecemento dos puntos anteriores.

O proceso de globalización consiste pois en cambios na xeografía mundial da industria, implica dispersión do proceso productivo e a concentración dos procesos e centros organizativos e financieros nunhas poucas cidades. E estes procesos se ven posibilitados polo auxe e aplicación da informática e as telecomunicacións.

Este proceso que se inicia nos anos sesenta e estala na década dos noventa domina actualmente os fenómenos de cambio social. Así, é un proceso que plantexa ás ciencias sociais novos retos ó tempo que vellas ferramentas teóricas, como algunhas da antropoloxía económica, presentan as súas limitaicóns e teñen que ser corrixidas e ampliadas para afrontar a análise das novas realidades.

b) A política económica da Globalización

Os grandes negocios internacionais, van intentar que as políticas económicas que fan os Estados e os organismos internacionais se axusten ós seus intereses.
O modelo económico a seguir é unha continuación do liberalismo do século XIX e coñécese co nome de *neoliberalismo*.

A escola do liberalismo económico impúsose pouco a pouco en Europa cando Adam Smith publicou en 1776 *A riqueza das Nacións* onde propuña a abolición da intervención gubernamental nos asuntos económicos, e se opoñía as restriccións á manufactura, ás barreiras ó comercio e os aranceis. O libre comercio, era a mellor forma de desenvolvemento da economía dunha nación.

Estas ideas promovían a ausencia de controles e desde á aplicación da noción de liberdade (fundamental na revolución política para conseguir dereitos civís e políticos individuais) á economía se defendeu a libre empresa a libre competencia.

Depois da gran depresión dos anos 30, Keynes elaborou unha teoría na sinalaba que o pleno emprego era necesario para o crecemento do capitalismo e iso so pode lograrse coa intervención dos gobernos e os bancos centrais. Así a creza de que os gobernos debían promover o ben común foi pouco a puco aceptada.

Sin embargo, a élite empresarial deu en revivir o liberalismo económico, e este, agora neoliberalismo, practícase a escala mundial.

O neoliberalismo pode resumirse nas súas catro ideas básicas:

- ✓ Goberno do mercado: Liberación das empresas privadas de calquera control imposto polo Estado. Reducción dos salarios mediante a "desindicalización" dos traballadores. Eliminación dos controis de prezos, en definitiva, libertade total para o movemento de capitais, bens e servizos. "Un mercado desregulado" é a mellor maneira de promover o crecemento.
- ✓ Reducción do gasto público en servizos sociais: como a educación e sanidade que privatizadas poden dar grandes beneficios os empresarios que se fagan co sector.
- ✓ Privatización: Venta de empresas, bens e servizos públicos (petroleo, ferrocarril, correos…) a inversores privados. Elíminase o concepto de ben público polo de responsabilidade individual.
- ✓ Desregularización: É dicir, eliminar todas as regulaciones públicas da vida económica e social para que eles (a élite empresarial) podan establecer as súas propias regras.

Esta política económica atopa hoxe en institucións internacionais como o FMI (Fondo Monetario Internacional) e o Banco Mundial a súa principal forza de expansión.

4. Retos da antropoloxía e outras ciencias sociais na sociedade global

As ciencias sociais e en particular a antropoloxía afrontanse hoxe ó reto de atopar novos conceptos e ferramentas que axuden a entender e analizar toda a serie de cambios sociais e culturais que aínda poducíndose a escala local teñen a súa orixe ou implicacións forá da comunidade estudada.

Xa non falamos só dos estudos de antropoloxía económica senón de calquera investigación levada a cabo no marco da disciplina, así como desde outras áreas das ciencias sociais.

Os cambios xerados pola política económica neoliberal e polo auxe da tecnoloxía (á que non todas as persoas acceden por igual) está a produccir cambios sociais e culturais tamén globais.

Ademáis doutros temas, urxe analizar os cambios e a uniformización que se está a dar nos sistemas educativos de todo o mundo e polo tanto nos procesos de socialización das novas xeracións. Estes procesos, antes en mans das xeracións máis vellas, hoxe son dirixidos polas empresas e os grupos empresariais, que non só inflúen no deseño dos sistemas educativos por parte dos gobernos (lease por exemplo os informes PISA, elaborados pola élite empresarial) senón que chegan ás nenas e ós nenos a través do cine, a TV, internet, videoxogos, etc.

Outro tema de interese é a modificación das relacións personais, cada vez máis tecnoloxizadas, nas chamadas sociedades desenvolvidas. Non só as amistades e as parellas xurden do contacto a través de internet e das chamadas redes sociais que ahí teñen lugar, senón que cada vez máis o grupo de referencia para un invividuo é o que se constrúe neste ámbito. Os procesos de constitución deses grupos así como os procesos de construcción das identidades personais a partir destas relacións "virtuais" son un reto para a antropoloxía actual, o que debe ademáis afrontarse sen prexulgar a "realidade virtual" como unha especie de realidade inferior, pois opera tanto ou máis ca outra (non tecnoloxizada) na configuración dos mundos sociais e individuais.

Como estes, son moitos os cambios que se están a producir a escala global (e de repercusións locais e personais) e que a disciplina empeza xa a analizar. É imposible mencionalos aquí todos mais é de especial relevancia o estudo e investigación dos procesos e consecuencias (grupais e individuais) dos pocesos migratorios. Paradoxalmente esta aldea global, consecuencia da liberdade de movementos e ausencia e fonteiras e barreiras para diñeiro e mercancias obriga a numerosas persoas a abandoar o seu sistema de vida, o territorio onde naceu e a súa cultura de referencia sen concederlles esa mesma liberdade de movementos da que gozan capital, bens e servizos.